

Prezada profesora/ Prezado profesor,

Como todos os anos abrimos o prazo de solicitude para participar nas comisións delegadas (CD) e nas comisións de avaliación (CA) das probas de Avaliación de Bacharelato para o acceso á Universidade na convocatoria 2023.

Do mesmo xeito que o curso pasado, a inscrición deberase facer de xeito electrónico a través do formulario web que figura ao final desta mensaxe. A continuación ofrécese información sobre os distintos cambios que se producen nesta convocatoria de 2023.

No caso de que se desexe participar é necesario ter en conta as seguintes indicacións.

1.- As probas e a avaliación dos exames realizaranse nas seguintes datas:

XUÑO	Probas	días 6, 7 e 8 (martes-mércores-xoves; a tarde do xoves resérvase para posibles incidencias)
	Recollida de exames	día 9 (venres)
	Data límite para a gravación en NERTA das cualificacións dos exames corrixidos	dependendo da materia: día 13 ou día 14 (martes ou mércores)
	Entrega de exames corrixidos	dependendo da materia: día 14 ou día 15 (mércores ou xoves)
XULLO	Probas	días 11, 12 e 13 (martes-mércores-xoves; a tarde do xoves resérvase para posibles incidencias)
	Recollida de exames	día 14 (venres)
	Data límite para a gravación en NERTA das cualificacións dos exames corrixidos	día 18 (martes)
	Entrega de exames corrixidos	día 19 (mércores)

2.- As Comisións Delegadas constituiranse os luns días 5 de xuño e 10 de xullo ás 18:00 horas nas sedes onde se celebran as probas.

Os/As vogais das Comisións de Avaliación deberán asistir obrigatoriamente

ás reunións que convocará o/a Director/a de cada materia coa finalidade de recibir as instrucións sobre os criterios específicos de corrección (venres días 9 de xuño e 14 de xullo, na Facultade de Dereito).

3.- O nomeamento de vogais das Comisións de Avaliación (CA) e Comisións Delegadas (CD) farase para cada unha das convocatorias.

4.- Os/As vogais das Comisións delegadas deberán colaborar en todas as tarefas de vixilancia que lles sexan encomendadas polo/a Presidente/a da Comisión.

5.- As retribucións que percibirán os membros das Comisións en cada convocatoria para o presente curso son de 435 € para os vogais das CA e de 335 € para os vogais das CD.

6.- Cando un membro forme parte dunha Comisión de Avaliación e dunha Comisión Delegada, a retribución que percibirá será o 90% da suma das gratificacións que lle corresponden pola súa colaboración en cada comisión.

7.- Na elección de vogais para unha e outra comisión (xuño e xullo), terase en conta dun xeito favorable que o/a solicitante desexe participar en ambas comisións. Do mesmo xeito, unha vez feitos os nomeamentos, a renuncia a participar nunha das comisións pode facerse extensiva para a outra.

8.- Pódese solicitar formar parte da Comisión de Avaliación das seguintes materias:

Artes Escénicas (2º), Bioloxía (2º), Cultura Audiovisual II, Debuxo Técnico II, Deseño (2º), Economía da Empresa (2º), Física (2º), Francés II, Fundamentos da Arte II, Grego II, Historia da Arte (2º), Historia da Filosofía (2º), Historia de España (2º), Inglés, Latín II, Lingua Castelá e Literatura II, Lingua Galega e Literatura II, Matemáticas II, Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais, Química (2º), Xeografía (2º), Xeoloxía (2º).

9.- Para formar parte das comisións é imprescindible non estar incurso/a, durante este curso, nalgunha das causas de abstención das previstas no artigo 23 da lei 40/2015, do 26 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (Punto segundo do artigo 23 da lei 40/2015 do 1 de outubro).

2. Son motivos de abstención os seguintes:

- a) Ter interese persoal no asunto de que se trate ou noutro en cuxa resolución poida influír a daquel; ser administrador de sociedade ou entidade interesada, ou ter cuestión litixiosa pendente con algún interesado.
- b) Ter un vínculo matrimonial ou situación de feito asimilable e o parentesco de consanguinidade dentro do cuarto grao ou de afinidade dentro do segundo, con calquera dos interesados, cos administradores de entidades ou sociedades interesadas e tamén cos asesores, representantes legais ou mandatarios que interveña no procedemento, así como compartir despacho profesional ou estar asociado con estes para o asesoramento, a representación ou o mandato.
- c) Ter amizade íntima ou inimidade manifesta con algunha das persoas mencionadas na alínea anterior.
- d) Ter intervido como perito ou como testemuña no procedemento de que se trate.
- e) Ter relación de servizo con persoa natural ou xurídica interesada directamente no asunto, ou terlle prestado nos dous últimos anos servizos profesionais de calquera tipo e en calquera circunstancia ou lugar.

10.- A inscrición para solicitar a participación nas comisión debe realizarse antes do 7 de febreiro por medio do formulario accesible a través da seguinte ligazón:

[FORMULARIO DE INSCRICIÓN](#)

<https://forms.office.com/e/wrYtZqVuwT>

Iván Area Carracedo
Presidente da CIUG